



TABAGÓN

Antes de ser erixida en parroquia a aldea de Tabagón, os seus veciños recibían a atención espiritual mesmamente de a de Sn. Miguel do mesmo nome e Sn. Bartolomeu das Eiras, e por iso chamábanlles os mixtos de Tabagón; e así estiveron sempre desde tempos moi remotos ata principios do século 19 en que o Sor. Bispo Dn. Xoán García Benito desmembrouna daquela, e erixiuna en parroquia en todo independente dela, baixo a invocación de Sn. Xoán Bautista. Porén en canto non se fixo a igrexa parroquial por conta dos que rendían os seus froitos decimais administrábanse os Stos. Sacramentos aos seus habitantes mixtamente como antes, ata o ano de 1826, en que a 31 de Marzo tomou posesión deste novo Beneficio o seu primeiro Abade Dn. Manuel Francisco Truiteiro, e empezou daquela a bautizar, casar e enterrar na nova igrexa, e tivo principio a formal desmembración. Venera por Patrón tutelar a Sn. Xoán Bautista, a quen lle celebran aquí a festa o 24 de Xuño. Habitana 132 veciños, que pertencen polo contencioso político e gubernativo á Xustiza da Vila da Guarda. Os décimos que percibe o Abade son a metade enteiramente dos de San Miguel de Tabagón, e desta de Sn. Xoán, que lle valen 13.110 reais, e ademais a cuarta parte dos das Eiras que lle renden 2.942 reais que, sumadas as dúas partidas fan o total de 16.052 reais. O dito Párroco non ten polo de agora casa reitoral, pero si terreo en que facela de 41/12 ferrados de pan en semente; ademais percibe de renda anual 6 ferrados de millo. A fábrica da igrexa non cobra cousa algunha. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Confina co Río Miño. Dista de Tui 3. leguas e cuarto.” (Ávila y La Cueva, 518-519).





Igrexa parroquial

A parroquia foi erixida como tal no ano 1804 polo Bispo Xoán García Benito, pero, mentres non foi nomeado o primeiro párroco seguiu dependendo, como anteriormente, unha parte dela de As Eiras e a outra de S. Miguel de Tabagón.

As obras de edificación da igrexa son contratadas o 9 de setembro de 1804 polos mestres canteiros Pedro Pérez Pedornes e Xosé Ignacio Nogueira. Por convenio de ambos no ano 1806 quedarase coa obra só o primeiro deles.

As obras de edificación da igrexa comezaron no ano 1812 e remataron no 1.825.

Neste longo período de tempo pasaron varios mestres canteiros por ela. Sabemos que Xosé Manuel Pallón, mestre de cantería e veciño de S. Martinho de Lanhelas, traballaba aquí no ano 1814 e seguía aínda no 1816, ao mesmo tempo que o facía tamén no adro de S. Telmo de Tui e en Sta. María de Tomiño.

O día 31 de marzo do ano seguinte, 1.826, rematadas as obras, toma posesión o seu primeiro párroco: D. Manuel Francisco Troiteiro, dando comezo entón os libros parroquiais, aínda que os enterros seguiron facéndose nas anteriores parroquias ata o ano 1.833, cando xa se constituíu como cemiterio o adro da igrexa (que foi clausurado como tal o 16 de setembro de 1945).

Ao igual que outras igrexas parroquiais da zona limítrofe con Portugal asume o estilo manuelino tardío.


Presenta unha soa nave rectangular, coa torre e a sancristía adosadas no lado norte.

A **fachada principal** (354), no oeste, recóllese entre dúas fortes pilastras. Adiántase sobre a torre e o extremo da nave, non ocupando todo o ancho da mesma. No seu eixe central, en plena continuidade, está a porta, a fornela e o ventanal.

A porta ten unha moldura de media cana e o arco rebaixado. Dúas pilastras laterais, xunto cunha peaña que nace na clave do arco, sustentan unha cornixa tamén de arco rebaixado e moldurada. Entre as pilastras da porta e as extremas da fachada, en ambos lados, presenta un banco de pedra corrido.

Mesmo enriba da cornixa da porta está unha fornela de arco de medio punto e venera que acolle a **imaxe do patrón, S. Xoán Bautista** (355), en pedra, que na base ten unha cartela con adorno vexetal na que está escrito: "S. JUAN 1849".





O seu arco fai de apoio ao ventanal, que de novo é de arco rebaixado e mostra unha **vidreira coa imaxe do patrón (356)**. Adórnase cunha pequena moldura na parte superior.

No alto as pilastras extremas únense cunha moldura que percorre o remate do paramento. Por riba desta moldura hai unha cornixa partida: Nas partes inferiores é cóncavo-convexa e na superior, de arco rebaixado. Nos extremos adórnase con pináculos cónicos e no remate central cunha cruz pétrea resalcelada, isto é cos brazos abertos en catro puntas, polo que se lle poden dar distintos significados.

A torre, que se retrae da fachada ao igual que no lado sur o extremo da nave, é de base cadrada. É dun so corpo e con pilastras laterais, semellantes ás da portada. Nelas apóiase a moldura de división sobre a que descansa a cornixa voada da balaustrada de pedra.

O corpo das campás ten pilastras esquinais e catro ocos de arco semicircular. No lado oeste ten unha esfera de reloxo por riba do arco, rompendo a súa moldura. Remátase con cornixa de arco rebaixado no centro e plana nas esquinas, onde se colocan uns pequenos pináculos, tamén cónicos.





362

O campanario c rrase cun tambor sobre o que se coloca a pir mide hexagonal de cerre rematada en cruz met lica.

A nave rectangular ten cuberta a d as augas. Os contrafortes laterais rematan con pin culos de pir mide cuadrangular, ao igual que os que rematan as catro esquinas da capela maior. Esta ten o tellado a catro augas.

O interior (357) presenta as paredes espidas, seguindo o estilo manuelino, con pilastras adosadas como apoio para os arcos p treos de apoio da b veda, que   de can n. Unha cornixa p treo percorre toda a nave.

A capela maior c brese tam n en pedra con b veda de cruzar a en aresta viva.

As fiestras son de derrame interno, e ad rnanse con vidreiras, que representan a **S. Brais (358)** e a **Virxe da Sa de (359)**, ademais da que xa comentamos de S. Xo n Bautista.

O piso en pedra mostra os nervos de suxei n das lousas cadradas para facer enterramentos nel.

O retablo maior cobre o paramento leste da capela maior.   neog tico e da  poca en que se construiu a igrexa.

Presenta un amplo sotobanco, no que nas r as laterais  brense sendas portas para acceder   s a traseira.

Na parte central o altar sost n a predela, que non existe nas r as laterais, e sobre ela colocado a plomo est  o Sagrario. Tras del hai un gradeiro de catro chanzos no que est  colocada a imaxe do Sagrado Coraz n de Xes s.

Os arcos das fornelas son apuntados, e ad rnanse con l bulos.

As r as enm rcanse con columnas dobres, iguais que as usadas nas fornelas, que se rematan en pin culos de agulla flam xera.

O  tico presenta unha soa fornela central coa **imaxe do Patr n (360)**, con columnas simples.

Os remates das r as laterais e do  tico son en c pula piramidal.

A nda que est  baixo a advocaci n de S. Xo n Bautista, hai nesta parroquia unha gran devoci n   Virxe. De feito consta xa a erecci n dunha confrar a   Virxe do Carne no ano 1899.

Hoxe en d a a principal celebraci n festiva da parroquia   a da **Virxe da Sa de (361)**, que se une coa de S. Brais, os d as 2 e 3 de febreiro.



363



Para esta celebración, os veciños fan na entrada do recinto un gran arco floral, cunha armazón de máis de 10 metros de alto, adornándoo con mirto, mimosas, camelias, etc. Cada ano a súa forma é diferente, tratando de superar en beleza ao do ano anterior.

Conserva unha sinxela **táboa de Ánimas** (362), en relevo sobre madeira, con S. Miguel coa balanza xulgando no Purgatorio.

Cruceiro

Este **cruceiro** (363) foi labrado polo canteiro Manuel González Perdiz en 1879 por encargo do párroco D. Xosé Benito Fernández.

Está situado no barrio da Igrexa, no terreo da festa, fronte á fachada principal da escola. Coñécese como “Cruceiro dos Maios”.

Colocado sobre tres chanzos de pedra e sobre estes o seu pedestal, no que hai catro espellos, un en cada cara, coa inscrición: “S.M.O. CRISTO DE LA VICTORIA // POR EL MAESTRO MANUEL GONZALZ // SIENDO ABAD D. JOSE BT BERNARDZ // AÑO DE 1879”. No segundo chanzo ten unha verxa de ferro que o rodea nos catro ventos.



Nos laterais da parte baixa do fuste coma nunhas cartelas ten esculpidos en relevo os distintivos da Paixón: escada, tenazas, etc. E entre eles, no lado Sur, sobre peaña, a **alegoría do pecado orixinal (364)**: Eva collendo o froito da árbore con Adán ao seu lado e a serpe observando.

Mesmo enriba dela, coa separación creada pola peaña, representa a Cristo atado na columna, a **Flaxelación (365)**. E no lado norte, oposta a esta, a imaxe da **Verónica (366)** coa Santa Face.

Termina o fuste cun capitel dórico adornado de follas de acanto e cabezas de anxo en cada lado.

E como remate a cruz, que no lado sur, sobre a caveira e as tibias, mostra a **Cristo morto (368)** e un anxo que suxeita o cáliz recollendo o sangue do costado, e o leteiro do INRI. No reverso, sobre peaña de cabeza de anxo, a imaxe da **Dolorosa (367)**, coa espada cravada no corazón, e, sentados na travesa da cruz, dous anxos que suxeitan un sudario polos extremos e o estenden sobre a cabeza da Virxe.

FESTAS E ROMAXES DE S. XOÁN DE TABAGÓN

- Virxe da Saúde e S. Brais: 2-3 de febreiro.
- S. Xoán Bautista: 24 de Xuño.

